

Xabón de glicerina

MATERIAIS NECESARIOS

- Moldes de silicona
- Vaso de precipitados
- Variñas de vidro
- Placa calefactora eléctrica
- Recipiente apto para calor
- Pulverizador en spray
- Auga
- Alcol de 96º
- Xabón de glicerina branca
- Aromas variados
- Colorantes variados
- Flores secas: lavanda, pétalos de rosa, etc.
- Follas de menta fresca
- Follas de eucalipto fresco
- Follas secas de estrugas, macela (camomila)
- Canela

PROCEDEMENTO

- Esterilizar todos o material que se vai empregar pulverizándoos con alcol de 96º e deixándoos secar completamente por evaporación
- Engadir 50 g de xabón de glicerina cortado en dados nun vaso de precipitados
- Fundir completamente o de xabón de glicerina a baño maría
- Engadir 3-4 gotas do aroma elixido
- Engadir 3-4 gotas do colorante elixido
- Mesturar ben coa variña de vidro ata obter unha mestura homoxénea
- Verter a mestura no(s) molde(s)
- *Se a mestura se solidificou parcialmente durante a súa manipulación, pódese volver quentar a baño maría antes de vertelo sobre os moldes.*
- Deixar solidificar durante unhas horas

BENEFICIOS DOS XABÓNS DE GLICERINA

- Hidratación da pel: a glicerina é un humectante natural que atrae a humidade do aire e retén na pel.
- Suavidade: a glicerina é un ingrediente suave que non causa irritación nin seca a pel.
- Limpeza profunda: a glicerina tamén ten propiedades antibacterianas que axudan a eliminar as impurezas e os microorganismos da pel.
- Durabilidade: os xabóns non se deterioran facilmente.